

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 6, 22-29

Ó día seguinte, a xente que quedara na outra banda do mar, decatouse de que alí non había máis ca un bote e que Xesús non montara nel cos seus discípulos, senón que estes marcharan sós.

Nisto chegaron algúns botes de Tiberíades, de cerca do sitio onde comeran o pan despois de o Señor dar grazas a Deus. Así que, en vendo a xente que Xesús non estaba alí, nin tampouco os seus discípulos, montaron nos botes e chegaron a Cafarnaúm buscando a Xesús. Atopárono na outra banda do mar e dixéronlle:

– «Rabbí, ¿cando chegaches aquí?»

Xesús contestoulles:

– «Con toda verdade volo aseguro: buscádesme non porque vistes sinais, senón porque comestes pan ata vos fartar.

Traballade non polo pan que se acaba, senón polo que dura deica a vida eterna, o que vos dará o Fillo do Home: pois el é a quen o Pai Deus marcou co seu selo».

Eles preguntáronlle:

– «¿Que temos que facer para realizar as obras de Deus?»

Respondeu Xesús:

– «Esta é a obra de Deus: que creades naquel que El mandou».